



XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA  
DE EMPREGO  
E IGUALDADE



Xacobeo 21-22

ESPAÑA  
PUEDE.

Plan de Recuperación,  
Transformación y  
Resiliencia

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE E O COMITÉ ESPAÑOL DE REPRESENTANTES DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE GALICIA (CERMI GALICIA) PARA A REALIZACIÓN DE PROGRAMAS INTEGRADOS PARA O FOMENTO DA EMPREGABILIDADE DAS PERSOAS CON DISCAPACIDADE DE GALICIA DENTRO DAS POLÍTICAS ACTIVAS DE EMPREGO PREVISTAS NA COMUNIDADE AUTÓNOMA NO MARCO DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA**

Santiago de Compostela, 30 de decembro de 2021

**REUNIDOS**

Dunha banda, M<sup>a</sup> Jesús Lorenzana Somoza, Conselleira de Emprego e Igualdade, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 112/2020, do 6 de setembro, polo que se nomean os titulares das vicepresidencias e consellerías da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra parte, o Comité Español de Representantes de Persoas con Discapacidade de Galicia (en adiante, CERMI-Galicia), e no seu nome e representación D. Luciano Fernández Pintor, con DNI 10046766-K, en calidade de presidente da mesma segundo nomeamento efectuado con data 30 Novembro de 2020, con CIF G-15696792 e con domicilio na Rúa Modesto Brocos 7, 3<sup>o</sup> bloque baixo.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos en exercicio das facultades que, para convir en nome das entidades que representan, teñen conferidas





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA  
DE EMPREGO  
E IGUALDADE



Xacobeo 21-22

ESPAÑA  
PUEDE.



## EXPOÑEN

**Primeiro.-** CERMI-Galicia é unha entidade non lucrativa e de acción social, integrada no Comité español de representantes de persoas con discapacidade. O Comité español de representantes de persoas con discapacidade é a plataforma de representación, defensa e acción da cidadanía española con discapacidade, máis de 3,8 millóns de persoas e as súas familias, que conscientes da súa situación de grupo social desfavorecido, deciden unirse, a través das organizacións nas que se agrupan, para avanzar no recoñecemento dos seus dereitos e acadar a plena cidadanía en igualdade de dereitos e oportunidades co resto da sociedade.

O CERMI é tamén a plataforma de encontro e acción política das persoas con discapacidade, constituído polas principais organizacións estatais de persoas con discapacidade, varias entidades adheridas de acción sectorial e 19, tantas como territorios posibles, plataformas autonómicas, todas as cales agrupan a súa vez a máis de 8.000 asociacións e entidades, que representan no seu conxunto aos 3.8 millóns de persoas con discapacidade que hai en España, un 10% da poboación total.

**Segundo.-** CERMI Galicia ten por finalidade a defensa dos intereses das persoas con discapacidade de Galicia, e a misión de conseguir a súa plena inclusión en todos os ámbitos da sociedade, a través da defensa e promoción dos seus dereitos, da reivindicación do cambio social, da potenciación do asociacionismo e da prestación de servizos que satisfagan as súas necesidades e expectativas, entre as que se atopa a promoción e creación de emprego.

Ademáis, en CERMI Galicia intégranse cinco entidades, a Confederación Galega de persoas con discapacidade (COGAMI); a Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG); a Federación de Asociacións de Familiares e persoas con problemas de saúde mental FEAFES Galicia (Saúde mental



FEAFES Galicia); a Federación de Asociacións a favor das Persoas con Discapacidade Intelectual de Galicia (FADEMGA Plena Inclusión Galicia); e a Asociación Inserta Innovación (ONCE), que teñen recoñecida a condición de axencia de colocación, e que son referentes na especialización dos servizos de emprego, concentrando a maioría das accións dirixidas no proceso de busca de emprego no colectivo das persoas con discapacidade, e sendo colaboradoras do Servizo Público de Emprego de Galicia.

Eses servizos conformados por un conxunto de profesionais e recursos operan no territorio de toda a Comunidade Autónoma, e, tamén no ámbito rural, abordando tamén o factor da dispersión poboacional, a falta de accesibilidade e a fenda existente do medio rural que se agrava no caso das persoas con discapacidade nas que se pon de manifesto unha maior desigualdade, desvantaxe e discriminación, e fai preciso achegar recursos adicionais específicos favorecendo o desenvolvemento económico, social e a actividade empresarial das citadas zonas que incrementen as posibilidades de reducir a inactividade laboral das persoas con discapacidade que alí residen, así como fomentar a actividade empresarial e a contratación nas mesmas, removendo os obstáculos que para as persoas con discapacidade podan persistir.

**Terceiro.-** A actuación de CERMI Galicia a través das súas entidades no mercado laboral constitúe unha alternativa coadxuvante da acción pública para a inserción laboral das persoas con discapacidade. As cinco entidades subliñadas contan con programas específicos que abordan de xeito integral as necesidades das persoas con discapacidade, facéndose una programación individualizada dos seus requirimentos de emprego en función da contorna familiar, cultural e xeográfica na que desenvolven as súas vidas. Ese enfoque integral de pleno desenvolvemento da personalidade cara ás persoas con discapacidade prestado por estas entidades conforma un servizo diferenciado que abrangue un interese social de maior alcance que o





estritamente vinculado á procura de emprego, o que require dun tratamento xurídico singularizado.

**Cuarto.-** O Estatuto de autonomía de Galicia, no seu artigo 29, atribúelle á Comunidade Autónoma, en concordancia co artigo 149.1.7ª da Constitución española, a competencia para a execución da lexislación do Estado en materia laboral, asumindo as facultades, funcións e servizos correspondentes a este ámbito.

**Quinto.-** A Consellería de Emprego e Igualdade, a través da Dirección Xeral de Formación e Colocación ten entre outras, as competencias en materia de dirección e coordinación das actuacións da consellería en materia de intermediación e orientación laboral, cualificación profesional, promoción da empregabilidade e formación profesional para o emprego e, singularmente, a coordinación da participación das entidades colaboradoras, sen ánimo de lucro, na execución e desenvolvemento dos servizos de políticas activas de emprego, a través da colaboración público-privada.

De conformidade co exposto, correspóndelle a esta consellería a xestión das subvencións e axudas públicas das políticas activas de emprego, entre as que están as medidas dirixidas a incrementar a empregabilidade das persoas desempregadas, mellorando as condicións do mercado de traballo, no marco da Estratexia europea para o emprego, do Programa nacional de reformas, do respectivo Plan anual de política de emprego (PAPE) e no eido da colaboración institucional .

**Sexto.-** O Consello Europeo aprobou o pasado 21 de xullo de 2020 o instrumento financeiro Next Generation EU, que inclúe como elemento central, un Mecanismo para a Recuperación e a Resiliencia (MRR) cuxa finalidade é apoiar o investimento e as reformas nos estados membros para lograr unha recuperación sostible e resiliente, permitindo levar a cabo





reformas tanto a nivel nacional como en cogobernanza coas comunidades autónomas con competencias transferidas.

En liña co anterior, o Acordo do Consello de Ministros do 27 de abril de 2021 aprobou o Proxecto de Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia para España e este foi aprobado pola Comisión Europea o 16 de xuño de 2021.

**Sétimo.-** Unha das políticas panca do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (VIII) trata de deseñar unha nova política dos cuidados e do emprego e, en concreto o compoñente 23 do Plan, refírese a conseguir que as políticas públicas de emprego permitan avanzar nun mercado de traballo dinámico, resiliente e inclusivo, dando impulso ás ditas Políticas Activas de Emprego.

**Oitavo.-** O Consello de Ministros, na súa reunión do 6 de xullo de 2021, autorizou os criterios de distribución de fondos para o exercicio 2021, dos créditos xestionados polas comunidades autónomas con competencias estatutariamente asumidas no ámbito de políticas activas de emprego para o financiamento de proxectos de investimento no marco, entre outros, do compoñente 23 *"Nuevas Políticas Públicas para un mercado de trabajo dinámico, resiliente e inclusivo"*.

Dentro das actuacións que corresponde levar a cabo ás Comunidades Autónomas, dentro do dito compoñente 23 do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, é a de desenvolver en xeneral proxectos de emprego para o reequilibrio territorial e a equidade dos colectivos especialmente vulnerables", que logren maximizar o impacto das reformas sobre a creación de emprego de calidade, o aumento da produtividade e a redución das brechas sociais, territoriais e de xénero. Outro dos obxectivos deste Compoñente é o apoio á maior autonomía das persoas con discapacidade, fomentando medidas que favorezan a súa inserción socio-laboral.



**Noveno.-** A Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, prevé a concesión directa de subvencións cando se acrediten razóns de interese público, social ou económico. No mesmo senso, exprésase o artigo 36.c do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da lei. Por outra parte, o artigo 40.1 do mesmo decreto posibilita a concesión de subvencións directas mediante convenio, nos casos en que se acrediten razóns de interese público, social ou económico.

**Décimo.-** Dado o carácter singular das actuacións que se van desenvolver en base a razóns de interese social e ao interese prioritario de establecer unha colaboración o máis estreita posible entre a Consellería de Emprego e Igualdade e CERMI Galicia para o desenvolvemento dalgunhas das medidas previstas no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, que corresponde executar á Comunidade Autónoma de Galicia, neste caso, Novos Proxectos territoriais para o reequilibrio e a equidade, e, especificamente dentro do eixo, Colectivos especialmente vulnerables, estímase xustificada a non procedencia de promover a concorrència pública para os efectos da subscripción deste convenio, pois CERMI Galicia resulta un axente idóneo, tanto pola súa acreditada experiencia no eido da economía social e apoio á integración socio-laboral das persoas con discapacidade, como por albergar entre os seus membros entidades que teñen recoñecida a condición de axencia de colocación para a realización do obxecto deste convenio.

A Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, establece no seu artigo 67 que, para os expedientes de gasto financiados con fondos do mecanismo de recuperación, no caso de que a súa tramitación se inicie no exercicio corrente pero a súa execución orzamentaria non vaia ter lugar ata o exercicio seguinte ou outros exercicios posteriores, será posible a súa tramitación anticipada ao longo do dito exercicio, e poderá chegar ata a fase de formalización do compromiso de gasto no exercicio corrente.



**Décimo Primeiro.-** En virtude do anterior, e acreditado que CERMI Galicia, a través das súas entidades, cumpre cos requisitos establecidos para obter a condición de beneficiario, segundo o artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, ambas as dúas partes acordan subscribir o presente convenio de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### Primeira.- Obxecto do convenio

O obxecto deste convenio é establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre CERMI Galicia e a Consellería de Emprego e Igualdade para a realización de programas integrados para o fomento da empregabilidade das persoas con discapacidade de Galicia dentro das políticas activas de emprego previstas na comunidade autónoma.

Enténdese por programas integrados de emprego con intermediación laboral aqueles proxectos que combinen varias das seguintes accións:

a) Diagnose de empregabilidade , itinerario personalizado de inserción e asesoramento.

b) Formación:

b.1) Accións formativas constituídas por calquera das especialidades formativas incluídas no Catálogo de especialidades do Servizo Público de Emprego Estatal, previsto no artigo 20.3 da Lei 30/2015, do 9 de setembro (BOE núm. 217, do 10 de setembro) e regulado pola Orde TMS/283/2019, do 12 de marzo (BOE núm. 63, do 14 de marzo) non vinculadas a certificados de profesionalidade.

b.2) Outra formación non vinculada a certificados



- c) Técnicas de *coaching*, intelixencia emocional e técnicas de motivación para a busca de emprego, tanto por conta propia como allea.
- d) Habilidades sociolaborais e obradoiros de entrevista.
- e) Fomento da capacidade emprendedora.
- f) Prospección empresarial.
- g) Emparellamento de ofertas de traballo coas persoas demandantes de emprego participantes.
- h) Prácticas profesionais non laborais en empresas en consonancia, preferentemente, co contido teórico práctico das accións formativas. A porcentaxe mínima de persoas participantes que deberán realizar as prácticas será do 15%.
- i) Obradoiros sobre mobilidade laboral que proporcionen información dos recursos dispoñibles de mobilidade transnacional no territorio da Unión Europea (rede Eures) así como outros que informen as persoas usuarias das posibilidades de inserción laboral ao ampliar o ámbito xeográfico de busca de emprego fóra do concello de residencia.
- j) Sensibilización e concienciación ao empresariado
- k) Competencias dixitais: desenvolvemento das destrezas necesarias para empregar as TICs como ferramenta na busca de emprego (creación de correo electrónico, uso de navegadores de internet...)

Para considerar unha persoa participante como atendida deberá recibir cando menos catro (4) das accións dos apartados anteriores, entre elas obrigatoriamente as do apartado a).

Considerarase inserida para os efectos do programa a persoa participante que reuna seguintes requisitos:

1. Que se incorpore ao mercado laboral por conta propia ou por conta allea cotizando no correspondente réxime da Seguridade Social, a partir da data na que dispoña da súa diagnose de empregabilidade e do correspondente itinerario para o acceso ao emprego.



2. Que acredite a cotización no correspondente réxime da Seguridade Social polo menos, 90 días, non necesariamente continuados, durante a duración do programa.

Para os efectos da data de incorporación ao mercado laboral e do cómputo dos días cotizados tamén se terá en conta o número de días de alta no correspondente réxime da Seguridade Social nos tres meses posteriores á data de finalización do programa.

Exclusivamente, considéranse gastos de formación os relativos ás accións formativas recollidas no punto b). As accións dos puntos c), d), e) e i) tamén se considerarán gastos de formación no caso de impartirse mediante especialidades formativas incluídas no Catálogo de especialidades do Servizo Público de Emprego Estatal. No resto de casos non terán esa consideración, e polo tanto, esas accións só poderán ser desenvolvidas por persoal propio da entidade ou por persoal contratado especificamente para a execución do programa.

CERMI Galicia coordinará a execución para cada persoa con discapacidade deste conxunto de medidas de diferente natureza, en execución e colaboración na implantación das políticas activas de emprego, dirixidas a incrementar as posibilidades de inserción laboral das persoas con discapacidade demandantes de emprego.

As accións para a efectiva inserción laboral das persoas con discapacidade en Galicia, levarase a cabo polas cinco (5) entidades que dentro de CERMI Galicia teñen recoñecida a condición de axencias de colocación, cos obxectivos que para cada unha delas se indican:

- A Confederación Galega de persoas con discapacidade (COGAMI)
  - o 262 persoas (131 cada anualidade)
- A Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG)
  - o 262 persoas (131 cada anualidade)





- A Federación de Asociacións de Familiares e persoas con problemas de saúde mental (Saúde mental FEAFES Galicia)
  - o 262 persoas (131 cada anualidade)
- A Federación Galega de Asociacións en Favor das Persoas con Discapacidade Intelectual ou do Desenvolvemento (FADEMGA Plena Inclusión Galicia)
  - o 262 persoas (131 cada anualidade)
- Asociación Inserta Innovación (ONCE)
  - o 262 persoas (131 cada anualidade)

### **Segunda.- Compromisos das partes**

CERMI-Galicia comprométese a utilizar os medios materiais e persoais que resulten necesarios para desenvolver o obxecto do convenio, ademais dos coñecementos e experiencia previa para o deseño, organización e desenvolvemento da coordinación dos programas integrados de emprego obxecto do presente convenio.

A Consellería de Emprego e Igualdade, colaborará no financiamento dos gastos derivados deste programa de conformidade co establecido na cláusula cuarta.

### **Terceira.- Marco normativo específico de aplicación ao Convenio relativo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.**

O marco normativo básico reitor deste instrumento, sen prexuízo da normativa en materia de subvencións, e especificamente no relativo ao Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, financiado pola Unión Europea-Next Generation, ven representado polas seguintes disposicións:

**Regulamento (UE) 2020/2094**, do 14 de decembro de 2020, polo que se establece un Instrumento de Recuperación da UE para apoiar a recuperación tras a crise da COVID-19



**Regulamento (UE) 2021/241**, do 12 de febreiro, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia (MRR)

**Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (PRTR)** de España (aprobado o 16/06/2021 por Decisión do Consello de Europa)

**Real decreto lei 36/2020**, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración pública e para a execución do PRTR

**Lei 9/2021**, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia

**Orde HFP/1030/2021**, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do PRTR

**Orde HFP/1031/2021**, do 29 de setembro, pola que se establece o procedemento e formato da información a proporcionar polas Entidades do Sector Público Estatal, Autonómico y Local para o seguimento do cumprimento de fitos e obxectivos e de execución orzamentaria e contable das medidas dos compoñentes do PRTR.

#### **Cuarta.- Financiamento e contía da subvención**

1. A Consellería de Emprego e Igualdade achegará a cantidade total de cinco millóns cincocentos dous mil euros (5.502.000,00€) con cargo á aplicación orzamentaria 11.05.322A.481.4 (código de proxecto 2022 00099) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o financiamento do obxecto do Convenio e no marco do "*Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - Financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU*", distribuída nas seguintes anualidades:



ANO	PRESUPOSTO
2022	2.200.800,00€
2023	3.301.200,00€

O presente convenio tramítase ao abeiro do disposto no artigo 25 do Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia e no artigo 1.1 da Orde da Consellería de Economía e Facenda, do 11 de febreiro de 1998, pola que se regula a tramitación anticipada de expediente de gasto, na redacción dada pola Orde do 27 de novembro de 2000, modificada pola Orde do 25 de outubro de 2001, polo que queda a concesión das subvencións sometida á condición suspensiva de existencia de crédito adecuado e suficiente no momento da resolución de concesión.

2. Do orzamento global estipulado no apartado primeiro desta cláusula, distribuírase a cada unha das cinco entidades integradas en CERMI Galicia, que teñan recoñecida a condición de axencias de colocación, e que están recollidas na cláusula Primeira, unha cantidade máxima de 4.200,00 € por cada persoa desempregada participante no programa.

Tendo en conta esta cantidade máxima subvencionada por persoa desempregada, aboaranse os seguintes importes:

- Por persoa atendida: 3.000,00€
- Por persoa inserida: 1.200,00 € adicionais ao importe por atención

3. O establecido no apartado segundo desta cláusula respecto da cantidade máxima por persoa desempregada, opera dentro da cantidade global atribuída a cada unha das cinco entidades do CERMI-Galicia recoñecidas como axencia de colocación, de xeito tal que a cada unha delas corresponderíanlles 1.100.400,00 € como máximo. Por outra banda, a efectos de liquidación e pago, o número máximo de persoas atendidas que se multiplicará polo módulo correspondente será o número de participantes



que esta teña atribuídos, non producindo liquidación de importes a cobrar as persoas atendidas por riba deste límite sen prexuízo de que sexan computadas cara ao cumprimento global dos obxectivos do programa.

No caso de que parte das entidades non atendesen ao número de usuarios asignado para a primeira anualidade, o remanente poderá ser distribuído proporcionalmente entre as restantes entidades que atenderan á totalidade das persoas desempregadas asignadas, sempre dentro do límite da cantidade global establecida no apartado primeiro desta cláusula, e atendendo tamén ao custo máximo por persoa desempregada fixado no apartado segundo. A redistribución de importes implicará a correspondente redistribución do obxectivo de número de persoas a atender.

#### **Quinta .- Gastos subvencionables**

O importe da subvención destinarase a cubrir os gastos efectivamente realizados pola entidade relativos aos seguintes conceptos subvencionables ao abeiro deste convenio, conforme aos artigos 28 e 29 da Lei de subvencións de Galicia.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada. En particular, comprenden os seguintes:

a. Recursos humanos: gastos de persoal, integrando os custes salariais e de seguridade social do persoal habitual ou contratado especificamente para este convenio, especificando a porcentaxe de dedicación. Inclúese os gastos que se orixinen por indemnización por fin de contrato que sexa necesario aboar á persoa traballadora contratada.

b. Gastos de axudas de custo e desprazamentos do persoal imputado ao convenio, necesarios para o desenvolvemento das accións. Para a imputación destes gastos observarase o disposto no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre indemnización por razón do servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.





c. Material inventariable: adquisición de equipos e instrumental precisos para a realización das actuacións ao abeiro deste convenio.

Tamén se consideran neste concepto as aplicacións ou solucións informáticas adquiridas ou desenvolvidas especificamente ao abeiro deste convenio, as licenzas e renovacións de licenzas de software específicas para o desenvolvemento do proxecto.

d. Servizos externos: contratacións con entidades externas en materia de formación necesarias para o desenvolvemento das actuacións ao abeiro deste convenio.

e. Material funxible: Adquisición de materiais funxibles, compoñentes precisos, subministro e produtos similares para a realización das actuacións deste convenio

f. Outros gastos relacionados co servizo como os gastos financeiros, os gastos de asesoría xurídica, os gastos de asesoría financeira, os gastos notariais e rexistrais especialmente derivados de créditos bancarios formalizados coa finalidade de dispoñer de efectivo para a realización do obxecto da subvención concedida mentres non sexa aboada pola Administración, de conformidade cos termos e dentro dos límites previstos no artigo 29, apartado 7 da lei 9/2007 de Subvencións de Galicia. Tamén os gastos de enerxía eléctrica, auga, combustible, comunicacións , limpeza, seguridade, seguros, etc.

g . Custos indirectos, considerados como tales aqueles segundo o establecido polo artigo 29, apdo. 9 da lei 9/2007 de Subvencións de Galicia e o artigo 42.6 do Decreto 11/2009 polo que se regula o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia. Entre estes atoparase o aluguer dos locais nos que se desenvolva a actividade.

Os tributos serán considerados gastos subvencionables cando o beneficiario os aboa efectivamente consonte ao establecido no artigo 29, apartado 8 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia. En ningún caso terán a consideración



de gastos subvencionables os impostos indirectos cuando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.


h) Gastos por coordinación e xestión do programa.

A entidade beneficiaria poderá subcontratar a parte formativa do proxecto integrado de emprego cun límite máximo do 40% da subvención concedida con entidades de formación acreditadas, de acordo co previsto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e o artigo 43 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o seu Regulamento.

### **Sexta.- Xustificación e pagamento**

1. A xustificación da subvención realízase a través do réxime de módulos, de acordo co establecido nos artigos 52 a 55 do Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, e os artigos 76 a 79 do Regulamento da Lei xeral de Subvencións, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo. Para implementar o dito réxime de módulos, nesta convenio tivéronse en conta como referencia os módulos que configuran o coste unitario das inversións do compoñente 23 establecido no Anexo III da Orde TES/897/2021, do 19 de agosto, pola que se distribúen territorialmente para o exercicio económico do 2021, para a súa xestión polas comunidades autónomas con competencias asumidas no ámbito laboral, créditos financiados co Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, destinados á execución de proxectos de inversión «*Plan Nacional de Competencias Digitales*» e «*Nuevas Políticas Públicas para un mercado de traballo dinámico, resiliente e inclusivo*» recollidos no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

2. CERMI-Galicia, no prazo de dous meses, computado desde a finalización das actuacións previstas neste convenio dentro do programa novos proxectos territoriais para o reequilibrio e a equidade, colectivos vulnerables, no



marco do plan de recuperación, transformación e resiliencia, presentará ante a Consellería de Emprego e Igualdade, Dirección Xeral de Formación e Colocación, a xustificación do cumprimento das actuacións subvencionadas e dos gastos realizados, mediante o réxime de módulos.

A xustificación presentarse por vía telemática, de acordo co artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, e incluírá a seguinte documentación que deberá presentar a entidade beneficiaria para xustificar os obxectivos e fitos aos que se da cumprimento coa axuda concedida, de conformidade cos mecanismos de verificación establecidos :

a) Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das obrigas establecidas no convenio, co indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. A memoria incluírá información sobre o número de persoas que concluíron os itinerarios, o tipo e o número de accións realizados por cada unha delas.

De ser o caso, achegarse ademáis certificación acreditativa dos contratos formalizados polos participantes que acadasen a condición de inseridos.

b) Unha memoria económica xustificativa do custe das actividades realizadas en función dos resultados obtidos, que conterá, como mínimo os seguintes extremos:

1.º Acreditación ou declaración polo beneficiario do número de unidades físicas consideradas como módulos, é decir, o número de participantes que concluíran o itinerario individualizado e personalizado.

2.º Contía global da subvención xustificada, calculada sobre a base das actividades cuantificadas na memoria de actuación presentada conforme aos módulos contemplados na cláusula cuarta, segundo o sistema de cálculo e cuantificación mediante módulos establecido no Convenio. A liquidación da subvención realizarase en función das per-



soas participantes que concluíran o seu itinerario personalizado. A liquidación non poderá superar a contía global da subvención concedida prevista no apartado primeiro da cláusula cuarta do convenio . O cálculo realizarase considerando o número de participantes que concluíran o seu itinerario personalizado polo módulo económico correspondente.

3º. A parte de actividade que fora obxecto de subcontratación e a entidade subcontratada.

Ao abeiro do disposto no artigo 55 do Decreto 11/2009 polo que se regula o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, e no artigo 79 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, os beneficiarios estarán dispensados da obrigaón de presentación de libros, rexistros e documentos de transcendencia contable ou mercantil ou calquera outra documentación xustificativa dos gastos realizados, sen prexuízo da obrigaón do beneficiario de conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das correspondentes actuacións de comprobación e control, segundo dispón o artigo 14.1. g) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, así como de calquera outra obrigaón derivada da normativa estatal ou da Unión Europea que así o esixa.

Para a xustificación da actividade subvencionada achegaranse, ademáis, a seguinte documentación:

- Memoria relativa ás persoas participantes no programa que conterà a seguinte información:
  - Certificado da entidade beneficiaria que inclúa a relación de persoas participantes no programa, indicando para cada unha delas, o período de permanencia no programa.



- De ser o caso, informe comprensivo das causas que impidiran realizar a substitución das baixas das persoas participantes no prazo de 20 días naturais.

- Memoria relativa ao persoal do programa, que conterá información sobre os contratos do personal adscrito ao programa, así como os seus perfís profesionais, entre os que deberá contarse con un ou varios dos seguintes: traballo social, educación social, orientación laboral, terapia ocupacional, prospección (axente ou técnico/a de emprego), psicoloxía ou psicopedagogía; mediación intercultural ou integración social.

- Achegará tamén documento acreditativo do reintegro efectuado dos fondos subvencionados non xustificadas.

3. O persoal técnico da Dirección Xeral de Formación e colocación realizará a correspondente comprobación técnico-económica.

No suposto de que a documentación presentada non cumpla cos requisitos sinalados neste convenio, conteña erros ou sexa insuficiente, requirirase á entidade beneficiaria a súa subsanación.

Se da dita comprobación resultase o incumprimento, total ou parcial, os fins para los que fue concedida a subvención, as obrigacións previstas no convenio ou os requisitos establecidos para a xustificación, comunicarase tal circunstancia á entidade beneficiaria xunto aos resultados da comprobación técnico-económica e iniciarase, de ser o caso, o procedemento de reintegro total ou parcial da subvención.

Unha vez comprobada a realización das actuacións previstas no convenio, expedirase certificado acreditativo da verificación realizada e tramitarase o pagamento.

#### **Sétima.- Pagamentos anticipados e liquidación**

Logo da sinatura do convenio, poderan realizarse pagamentos anticipados por un importe de ata o 80% da subvención correspondente ás persoas a atender en cada anualidade, segundo o disposto no artigo 63 do Decreto



11/2009, do 8 de xaneiro polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia .

Os anticipos deberán ser solicitados polas entidades beneficiarias xunto coas seguinte documentación:

-Solicitud de do pagamento anticipado.

- Declaración responsable segundo o previsto no artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e nos artigos 10, 11 e 12 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, de que a entidade está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 65.4.f) do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación cos artigos 63.2 e 67 do mesmo corpo legal, CERMI-Galicia queda exonerada da constitución de garantías.

Respecto da liquidación, antes do 20 de decembro de 2022 as entidades beneficiarias presentarán a xustificación das accións realizadas durante o exercicio 2022 mediante a documentación e cos requisitos recollidos na cláusula sexta e, unha vez comprobada, aboaraselles a liquidación que proceda xunto co anticipo correspondente á anualidade 2023. No caso de que da liquidación resulte un importe negativo este restarase do importe do anticipo de 2023.

Antes do 15 de decembro de 2023 as entidades beneficiarias presentarán a xustificación final incluíndo as accións realizadas durante o exercicio 2023.

#### **Oitava.- Obrigas das partes**

CERMI-Galicia a través das súas entidades está obrigada a:





- Desenvolver as actuacións recollidas na neste convenio e que constitúen o seu obxecto, e xustificar a realización da actividade e o cumprimento da finalidade prevista .
- Realizar a divulgación das actuacións segundo as instrucións que determine a Consellería de Emprego e Igualdade e facer constar expresamente en toda publicidade ou presentación pública que se realice o logotipo da Xunta de Galicia, e demais logotipos estipulados pola Comunidade Autónoma de Galicia, ou o Estado). Singularmente e atendendo ao seu financiamento, resulta aplicable o artigo 34.2 do Regulamento (UE) 2021/241 conforme ao cal *os perceptores de fondos da Unión farán mención da orixe desta financiación e velarán por darlle visibilidade, incluído, cando proceda, mediante o emblema da Unión e unha declaración de financiación adecuada que indique "financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU", en particular cando promovan as accións e os seus resultados, facilitando información coherente, efectiva e proporcionada dirixida a múltiples destinatarios, incluídos os medios de comunicación e o público.*
- Ser titular e suxeito pasivo de todas as obrigas tributarias á Administración e á Seguridade Social correspondentes ás accións das que se derive o pagamento de impostos, retencións e cotas que conlevan as actuacións derivadas da execución do convenio; e, en consecuencia, achegar a Declaración responsable ou certificacións acreditativas de estar ao día e estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma.
- Someterse ás actuacións de supervisión e control dos órganos da Administración do Estado e da Comunidade Autónoma e da Consellería de Emprego e Igualdade.
- Facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, o Tribunal de Contas e o Consello de Contas, no





exercicio das súas funcións de fiscalización e control; así como das instancias comunitarias competentes a efectos dos fondos europeos do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia.

- Conservar a documentación xustificativa da aplicación dos fondos percibidos durante un período de 5 anos a partir do pago do saldo ou, a falta deste pago, da operación (artigo 22.2.f) do Regulamento (UE) 2021/241, que remite ao respecto ao disposto no artigo 132 do Regulamento Financeiro ).
- Presentar, antes da sinatura deste convenio, e tamén coa xustificación da realización das actividades obxecto do mesmo, declaración responsable de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, así como de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario, establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de conformidade co disposto nos artigos 10, 11 e 13 do Regulamento da citada lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
- Reintegrar a contía percibida no caso de incumprimento das condicións establecidas no convenio para a súa percepción.
- Tratar dun xeito confidencial toda a información recibida directa ou indirectamente e a non utilizar ningún dato desa información de maneira distinta ao obxecto do presente convenio. Así mesmo queda obrigada a manter de forma confidencial e a non revelar ningún dato da información coñecida sen o consentimento previo da Consellería de Emprego e Igualdade.
- As demais obrigas previstas no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

De acordo co previsto no Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, aprobado polo Consello de Ministros o 27 de abril de 2021 e no Regulamento (UE) número 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de



febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo de Recuperación e Resiliencia, en todas as fases do deseño e execución dos proxectos, a administración comprométese a garantir o cumprimento do principio de “non causar dano significativo” (principio “do no significant harm – DNSH”) e o relativo a etiquetaxe verde e dixital.

En relación co cumprimento do principio de “non causar dano significativo”, o beneficiario da subvención deberá achegar unha declaración responsable segundo o modelo do cuestionario de autoevaluación que se atopa no seguinte enderezo do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o reto demográfico:

[https://www.miteco.gob.es/es/ministerio/recuperacion-transformacion-resiliencia/transicion-verde/cuestionariodnshmitecov20\\_tcm30-529213.pdf](https://www.miteco.gob.es/es/ministerio/recuperacion-transformacion-resiliencia/transicion-verde/cuestionariodnshmitecov20_tcm30-529213.pdf), e seguindo ás directrices recollidas na Comunicación da Comisión Europea (2021/ C 58/01), «Guía técnica sobre a aplicación do principio de «non causar un prexuízo significativo» en virtude do Regulamento relativo ao Mecanismo de Recuperación e Resiliencia» .

A Consellería de Emprego e Igualdade comprométese a colaborar no financiamento do custo das actuacións previstas polo importe establecido na cláusula cuarta.

Asimesmo, en orde a dar cumprimento a obriga de prevención, detección e persecución da fraude, a corrupción e o conflito de intereses como refire o artigo 6 da Orde HFP/1030/2021 conforme ao previsto no artigo 22 do Regulamento (UE) 241/2021 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro do 2021, en relación coa protección dos intereses financeiros da Unión Europea, sublíñase a existencia da canle de denuncias do Servizo Nacional de Coordinación Antifraude (SNCA), que resulta aplicable para todo proxecto ou operación financiado total ou parcialmente con cargo a fondos procedentes





XUNTA  
DE GALICIA

CONSELLERÍA  
DE EMPREGO  
E IGUALDADE



Xacobeo 21-22

ESPAÑA  
PUEDE.



da Unión Europea (<http://www.conselleriadefacenda.es/areas-tematicas/planificacion-e-fondos/periodo-comunitario-2014-2020/medidas-antifraude/snca-olaf>), como sinala a Comunicación 1/2017, de 6 de abril, do dito Servizo co obxectivo de que calquera persoa que teña coñecemento de feitos que poidan ser constitutivos de fraude ou irregularidade en relación cos proxectos financiados con cargo a fondos procedentes da Unión Europea, podan poñelos en coñecemento do devandito Servizo.

A subvención regulada neste convenio será compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración ou entidade, pública ou privada. Deberá quedar, en todo caso, identificada nitidamente a trazabilidade dos gastos. Con todo, estas subvencións son incompatibles coa recepción doutros fondos comunitarios para a execución dos mesmos proxectos, non podéndose incorrer en dobre financiamento.

Conforme ao artigo 9 do Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e do Consello, do 12 de febreiro de 2021, os proxectos financiados polo Mecanismo de Recuperación e Resiliencia poden recibir axuda doutros programas e instrumentos da Unión sempre que dita axuda non cubra o mesmo custo que os que xa financie a subvención deste programa. O beneficiario deberá comunicar á Administración que conceda a subvención a obtención doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade sen incorrer en dobre financiamento sobre o mesmo custo, procedentes de calquera outras administracións ou entes públicos, nacionais ou internacionais.

**Nóvena.- Disponibilidade dos resultados e conclusións das actuacións realizadas.**

Os diversos datos, análises, estudos estatísticos e participativos e as conclusións e determinacións orientativas resultantes en desenvolvemento



das actuacións previstas neste convenio de colaboración, será de uso e titularidade común polas partes asinantes.

Así mesmo, calquera dereito de propiedade industrial e intelectual sobre o material que resulte das actuacións do presente convenio será de titularidade conxunta das partes asinantes, de xeito que ningunha poida facer uso dos citados dereitos coa oposición de calquera dos asinantes.

Calquera modificación dos resultados deberá ser autorizada polas partes asinantes, non obstante a Consellería, no cumprimento dos seus fins institucionais, poderá utilizar libre e gratuitamente os traballos, datos de todo tipo, resultados, análises, informes e conclusións que se deriven das actuacións obxecto do convenio. En todo caso, nas accións de difusión de datos e informes obtidos pola execución destas accións farase sempre referencia ao presente convenio.

#### **Décima .- Inexistencia de relación laboral**

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre a Consellería de Emprego e Igualdade ou calquera organismo ou entidade dependente ou vinculado á mesma, e as persoas ou profesionais que desenvolvan as accións que constitúen o seu obxecto, de tal xeito que, por este concepto, non se lle poderá esixir a este departamento ningunha responsabilidade directa nin subsidiaria por actos ou feitos acaecidos no desenvolvemento deste.

#### **Décimo primeira.- Resolución do convenio**

Serán causas de resolución do Convenio, as seguintes:

- O incumprimento do seu obxecto.





- O incumprimento total ou parcial de calquera das cláusulas que nel se establecen.
- As modificacións das directrices de desenvolvemento sen contar coa previa autorización escrita da Consellería de Emprego e Igualdade.
- A decisión xudicial declarativa da nulidade do convenio.

Ademais disto, o incumprimento total dos fins do convenio, a non realización das actividades previstas ou o incumprimento da obriga de xustificación dará lugar á perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro da totalidade da contía xa percibida.

Calquera outro incumprimento parcial dos fins do convenio ou da obriga de xustificación, dará lugar a perda do dereito ao cobro ou, no seu caso, ao reintegro ao Tesouro da Xunta de Galicia das contías xa aboadas na porcentaxe correspondente á inversión non efectuada ou non xustificada, cos xuros a que dean lugar, de conformidade coa normativa autonómica de aplicación e nos prazos máis perentorios que esta dispuxese.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a subscripción do convenio e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía contemplada no presente convenio.

#### **Décimo segunda.- Comisión de seguimento**

Para o seguimento do convenio e da súa execución así como para propoñer solucións aos conflitos que poidan xurdir na aplicación e interpretación das cláusulas do convenio constituirase unha comisión paritaria de seguimento que estará integrada, por parte da Consellería de Emprego e Igualdade, por dous funcionarios da Dirección Xeral de Formación e Colocación, e dúas persoas por parte de CERMI-Galicia.

A actuación da Comisión de Seguimento axustarase ao establecido nos preceptos básicos da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, de 17 decembro, de organización e funcionamento da administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

### **Décimo terceira.- Natureza xurídica, réxime xurídico e xurisdición competente**

Este convenio ten natureza administrativa, e rexerese polas súas propias cláusulas. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para entender dos litixios que puideran xurdir.

En todo o non sinalado estarase ao previsto pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Decreto 11/2009, polo que se aproba o seu Regulamento, e polas demais normas de dereito administrativo aplicables.

### **Décimo cuarta.- Autorización e publicidade**

CERMI-Galicia autoriza á Consellería de Emprego e Igualdade a obtención de forma directa da acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Consellería competente en materia de Facenda da Xunta de Galicia e coa Tesouraría Xeral da Seguridade Social, a través de certificados telemáticos.

Así mesmo, as partes asinantes deste convenio outorgan o seu consentimento para que os datos persoais e o resto das especificacións que constan no citado convenio sexan publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, de acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia, e en concordancia cos artigos 14 e seguintes da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

En cumprimento do disposto no artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, o texto do convenio e a información requirida no ordinal oitavo do devandito artigo será comunicado á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

#### **Décimo quinta.- Protección de datos.**

As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, do Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei Orgánica de Protección de Datos, e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

#### **Décimo sexta.- Vixencia**

O presente Convenio terá vixencia dende a súa sinatura e ata o 30 de decembro de 2023.

E, en proba de conformidade cos termos do Convenio, as partes comparecentes asinan e rubrican, por duplicado exemplar no lugar e data indicados no encabezamento

A Conselleira de Emprego e Igualdade



M<sup>a</sup> Jesús Lorenzana Somoza

CERMI-Galicia



Luciano Fernández Pintor